

Problema385: Razona se son correctas ou non as seguintes afirmacións.

Os enlaces de hidróxeno:

- a) Aparecen sempre que hai un átomo de hidróxeno.
- b) Fan diminuír, xeralmente, as temperaturas de fusión e de ebulición.
- c) Aparecen en moléculas como H_2O , NH_3 e CH_4 .
- d) Son moi fortes cando o elemento unido ao hidróxeno é moi electronegativo.
- e) Posúen unha enerxía de enlace superior ao dun enlace química.

A resposta correcta é a d.

- a) Non é condición única que haxa átomos de hidróxeno, estes deben estar unidos a átomos pequenos e electronegativos con pares de electróns non enlazantes.
- b) Ao contrario aumentan as temperaturas de fusión e ebulición que cabería esperar para eses compostos.
- c) Aparecen na auga e amoníaco, pero non no metano, xa que o C non é moi electronegativo nin ten pares non enlazantes.
- e) Presentan valores de enerxía intermedios entre un enlace químico e as forzas de Van der Waals.